



observatorio galego
de condicións de traballo

ANÁLISE DA SINISTRALIDADE LABORAL POR ACCIDENTES DE TRÁFICO ANOS 2011-2012

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Xaneiro 2015

Autor: **Manuel Armada Oya**
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA

Índice

<u>Introdución</u>	4
<u>Metodoloxía</u>	5
<u>Resultados</u>	7
<u>Lugar do accidente</u>	7
<u>Idade</u>	8
<u>Sectores de actividade económica</u>	12
<u>Actividades empresariais</u>	15
<u>Ocupación</u>	17
<u>Nacionalidade</u>	21
<u>Tipo de contrato</u>	22
<u>Día da semana</u>	23
<u>Tipo de lesión</u>	25
<u>Provincia</u>	27
 <u>Anexos</u>	 28
<u>Afiliados cotizantes segundo idade no ano 2012</u>	28
<u>Afiliados cotizantes segundo sector, ano 2011</u>	28
<u>Afiliados cotizantes segundo sector, ano 2012</u>	28
<u>CNAE-2009</u>	30
<u>CNO-2011</u>	30
<u>Tipo de lesións</u>	31

Introdución

Os accidentes de tráfico teñen un peso importante na estatística de sinistralidade laboral; a estrutura produtiva e a situación sociolaboral que non permite a localización dos traballadores nas proximidades do seu lugar de traballo, xunto cun maior número de traballadores que non teñen un lugar de traballo cunha situación xeográfica fixa, fai que a sinistralidade viaria laboral creza en relación ao conxunto dos accidentes laborais.

Este estudo é continuación do [realizado con anterioridade](#) cos datos dos accidentes con baixa no ano 2010, buscando co aumento de datos nunha serie temporal, poder ter unha maior certeza para obter conclusións que sirvan establecer medidas para a súa prevención e redución tendo en conta enorme importancia que ten o transporte por estrada tanto de mercadorías como de persoas na sociedade actual.

Os accidentes laborais de tráfico non se contabilizan de forma específica nos datos periódicos sobre sinistralidade. Estes accidentes non son unicamente os sufridos por profesionais cuxa xornada laboral transcorre na súa maior parte na estrada (transportistas, comerciais, condutores de autobuses, taxis, ambulancias, etc.) senón tamén daqueles que acontecen no traxecto normal entre o domicilio e o local de traballo (e viceversa) que se denominan accidentes *in itinere*, nos que estivese implicado un medio de transporte.

Partindo da importancia tanto numérica como pola gravidade das lesións que se producen nos accidentes de tráfico (aínda que o número de mortos en estrada descenda nestes dous anos segundo as [estatísticas da DXT](#), segue sendo unha causa importante no número de mortes en España), é necesario manter unha liña de estudo sobre estes accidentes no ámbito laboral para encontrar as medidas máis eficaces para diminuílos.

Metodoloxía

Para a realización deste estudo, os datos obtivéronse mediante descargas do [sistema Delt@](#) dos partes de accidente de traballo acontecidos en Galicia e con data de baixa nos anos 2011 e 2012 e daqueles do mesmo ano e ámbito cuxo valor na sección que se refire ao *Lugar do accidente* indica que foi un accidente de tráfico. En ambos conxuntos de datos incluíronse os accidentes en xornada laboral e os acontecidos *in itinere*, é dicir, os que suceden no itinerario de ida e volta ao traballo, utilizándose sobre ambos os dous conxuntos de datos unha ferramenta informática propia para o seu tratamento. Estes accidentes foron notificados segundo se establece na Orde TAS/296/2002 de 19 de novembro.

Para o manexo e análise dos datos utilizouse o programa SPSS® polas facilidades que proporciona tanto no manexo de grandes volumes de datos e a análise estatística, complementada co programa de folia de cálculo Excel® para a realización de gráficos.

As variables que se utilizaron para a agrupación e análise son as seguintes:

- **Lugar:** Como lugar en que acontece o accidente pódense indicar 4 localizacións: No centro de traballo habitual, en desprazamento, *in itinere*, noutro centro de traballo. Para obter unha maior representatividade e coherencia dos datos recorreuse en varios resultados a agrupar en só dúas categorías: *in itinere* e en xornada (que inclúe ás outras tres localizacións).
- **Sexo:** home, muller.
- **Gravidade:** codificado nos partes con 4 valores en función da gravidade, dende 1-leve a 4-mortal, agrupándose nas estatísticas os accidentes graves e moi graves nunha mesma categoría.

Estas tres variables anteriores utilizáronse de forma transversal ás demais cando se considerou útil para extraer conclusións.

- **Idade:** nos partes de accidente a idade do traballador accidentado dedúcese coas datas do accidente e coa de nacemento do traballador, como obter un rango de valores tan grande usando os valores en anos non achega valor á análise, agrupáronse as idades en tramos do xeito seguinte: de 16 a 17, de 18 a 24, de 25 a 29, de 30 a 34, de 35 a 39, de 40 a 44, de 45 a 49, de 50 a 54, de 55 a 59, de 60 a 64 e de 65 ou máis, non habendo traballadores menores de 16 anos.
- **Sectores de actividade económica:** agrúpanse nos cinco sectores de actividade económica habituais nas estatísticas e estudos sociolaborais en Galicia, a saber: agricultura, pesca, industria, construción e servizos, utilizando o código CNAE-2009 de Clasificación Nacional de Actividades Económicas establecida polo R.D. 475/2007 a dous díxitos.
- **Ocupación:** Utilízase a Clasificación Nacional de Ocupación (CNO-2011) vixente a partir do 1 de xaneiro de 2011, no cal codifícanse en forma numérica as ocupacións dos traballadores en 9 grupos (técnicos e profesionais científicos e intelectuais, técnicos e profesionais de apoio, empregados contables, administrativos e outro empregados de oficina, etc.), anotándose nos partes cun detalle de 3 díxitos, o cal utilizaremos sen agrupar para indicar aquelas ocupacións cunha maior porcentaxe de frecuencia de accidentes de tráfico.
- **Nacionalidade:** Ademais da evidencia do maior número de accidentes dos traballadores nacionais, búscase identificar se algún grupo de traballadores por nacionalidade presenta un maior número de accidentes de tráfico en relación ao total dos seus accidentes laborais.

- **Tipo de contrato:** Na segregación por tipo de contrato distínguese entre cinco tipos de contratos: **indefinidos, autónomos, temporais e duración determinada, temporais e duración determinada nas administracións públicas e funcionarios.**
- **Día da semana:** Ao utilizar como variable para a análise o día da semana, búscase coñecer se existe algunha vinculación co maior ou menor número de accidentes acontecidos.
- **Tipo de lesión:** A natureza ou tipo da lesión, agrúpase en **trece grupos** distintos sen incluír aqueles en que non se especifica e as que se cualifica como "outras".
- **Provincia:** Indicarase o número de accidentes por sobreesforzos acontecidos a traballadores de empresas de cada unha das provincias galegas.

Para obter medidas que permitisen confrontar os distintos valores dun conxunto de resultados, fíxose a comparación para cada unha das variables para os accidentes de tráfico e para o conxunto dos accidentes, utilizándose ademais nalgúns casos o dato de poboación afiliada para achar índices de incidencia.

Na **táboa 01** a continuación, indícanse as cifras dos accidentes laborais por data de baixa acontecidos en Galicia nos anos 2011 e 2012, indicando cantos destes corresponden a accidentes de tráfico e segregándoos pola súa gravidade.

Como se pode comprobar, a proporción dos accidentes laborais de tráfico aumentan coa gravidade, sendo a porcentaxe dos accidentes mortais máis do dobre ca dos leves. Da táboa pódese extraer outro dato: comparando as sumas dos accidentes graves e mortais pódese constatar que os accidentes laborais graves ou mortais de accidente de tráfico supoñen (dependendo do ano) entre o 17,1% e o 14,6% da suma total dos accidentes laborais graves e mortais.

ACCIDENTES LABORAIS DE TRÁFICO				
Anos	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
2011	3.480	88	13	3.581
2012	2.980	73	16	3.069
ACCIDENTES LABORAIS 2011-2012				
Anos	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
2011	32.852	535	58	33.445
2012	25.883	553	53	26.489
%				
Anos	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
2011	10,59%	16,45%	22,41%	10,71%
2012	11,51%	13,20%	30,19%	11,59%

Táboa 01. Accidentes laborais por data de baixa e gravidade.

Resultados

Lugar do accidente

Na [táboa 02](#) desagreganse os accidentes de tráfico por lugar do accidente e o sexo do accidentado. Os accidentes *in itinere* supoñen case o 70% dos accidentes de tráfico e os accidentes en desprazamento arredor do 29%, polo que ao longo deste estudo a agrupación segundo a variable *Lugar* farase en dúas categorías: *in itinere* e *en xornada* (esta última inclúe ás outras tres localizacións).

Da táboa tamén se deduce que os accidentes *in itinere* son máis frecuentes entre as mulleres (entre o 83% e o 86% segundo o ano) que entre os homes (a porcentaxe neles está no intervalo do 57% ao 60%), con un número destes accidentes case igual ou superior. Tendo en conta que o número de mulleres cotizantes é menor que os dos homes (pódese ver [Poboación afiliada](#) nos **Anexos**), a incidencia dos accidentes *in itinere* é maior nas mulleres, o cal non acontece no total dos accidentes laborais (na [táboa 4](#)) ou no total dos accidentes laborais de tráfico.

Outro dato que pódese destacar é que a porcentaxe de accidentes de tráfico en desprazamento en xornada laboral é de dous a tres veces superior nos homes que nas mulleres; isto pode indicar que as mulleres son minoritarias en traballos onde se estea exposto a sufrir accidentes de tráfico.

		2011			2012		
Lugar		Sexo		Total	Sexo		Total
		Homes	Mulleres		Homes	Mulleres	
No Centro de traballo habitual	Reconto	17	8	25	14	2	16
	% dentro de Sexo	0,81%	0,54%	0,70%	0,82%	0,15%	0,52%
En Desprazamento na súa xornada laboral	Reconto	833	239	1072	709	193	902
	% dentro de Sexo	39,78%	16,07%	29,94%	41,56%	14,16%	29,39%
In Itinere	Reconto	1.237	1.238	2.475	979	1.166	2.145
	% dentro de Sexo	59,07%	83,25%	69,11%	57,39%	85,55%	69,89%
Noutro Centro de traballo	Reconto	7	2	9	4	2	6
	% dentro de Sexo	0,33%	0,13%	0,25%	0,23%	0,15%	0,20%
Reconto		2.094	1.487	3.581	1.706	1.363	3.069
% dentro de Sexo		100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 02. Accidentes laborais de tráfico segundo lugar e sexo.

Na [táboa 03](#) a continuación, detállanse os accidentes laborais *in itinere* segundo sexo e gravidade. A porcentaxe de accidentes das traballadoras respecto ao total descende coa gravidade no ano 2011 e no [estudo do ano 2010](#), non así no ano 2012 que é maior a porcentaxe de accidentes graves.

Ano baixa	Sexo	Gravidade						Total	%
		Leve	%	Grave	%	Mortal	%		
2011	Homes	1.202	49,75%	30	55,56%	5	100,00%	1.237	49,98%
	Mulleres	1.214	50,25%	24	44,44%	0	0,00%	1.238	50,02%
	Total	2.416	100%	54	100%	5	100%	2.475	100%
2012	Homes	957	45,59%	18	45,00%	4	66,67%	979	45,64%
	Mulleres	1.142	54,41%	22	55,00%	2	33,33%	1.166	54,36%
	Total	2.099	100%	40	100%	6	100%	2.145	100%
Total	Homes	2.159	47,82%	48	51,06%	9	81,82%	2.216	47,97%
	Mulleres	2.356	52,18%	46	48,94%	2	18,18%	2.404	52,03%
	Total	4.515	100%	94	100%	11	100%	4.620	100%

Táboa 03. Accidentes laborais de tráfico *in itinere* segundo sexo e gravidade.

ACCIDENTES LABORAIS TOTAIS										
Anos		Gravidade						Total	%	Incidencia Total
		Leve	%	Grave	%	Mortal	%			
2011	Homes	23.638	71,95%	437	81,68%	55	94,83%	24.130	72,15%	5.716,41
	Mulleres	9.214	28,05%	98	18,32%	3	5,17%	9.315	27,85%	2.540,96
	Total	32.852	100%	535	100%	58	100%	33.445	100%	4.240,46
2012	Homes	17.995	69,52%	441	79,75%	49	92,45%	18.485	69,78%	4.682,66
	Mulleres	7.888	30,48%	112	20,25%	4	7,55%	8.004	30,22%	2.248,13
	Total	25.883	100%	553	100%	53	100%	26.489	100%	3.528,18
Total	Homes	41.633	70,88%	878	80,70%	104	93,69%	42.615	71,10%	
	Mulleres	17.102	29,12%	210	19,30%	7	6,31%	17.319	28,90%	
	Total	58.735	100%	1088	100%	111	100%	59.934	100%	

Táboa 04. Accidentes laborais segundo sexo e gravidade.

Idade

A continuación móstranse os datos dos accidentes agrupados segundo a idade dos traballadores accidentados nas [táboas da 5 á 12](#). As táboas da 5 á 8 corresponden ao ano 2011 e as da 9 á 12 ao ano 2012.

Os accidentes de tráfico dos homes detállanse nas táboas 5 e 9 e os das mulleres nas táboas 7 e 11; sendo as táboas adxacentes a estas, as dos accidentes totais.

Para axudar a sacar conclusións sobre os accidentes, nos [anexos](#) dispónse dunha táboa cos datos aproximados dos traballadores cotizantes por idade no ano 2012.

No que corresponde aos homes, os accidentes laborais de tráfico en xornada laboral teñen moita máis incidencia nos menores de 35 anos, sendo a maior incidencia no tramo de 18 a 24 anos e diminuíndo coa idade, isto se repite no caso dos accidentes *in itinere*.

O caso das mulleres é diferente nos accidentes de tráfico en xornada laboral, xa que teñen menos da terceira parte dos accidentes que os homes. Nos accidentes *In itinere*, as mulleres teñen máis accidentes de tráfico que os homes, e por ser menor número de traballadoras cotizantes correspóndelles maior incidencia, aínda que pode non cumprirse nalgún grupo de idade.

2011				
Homes	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
Idade				
16 a 17	5	8	13	0,62%
18 a 24	189	149	338	16,14%
25 a 29	135	209	344	16,43%
30 a 34	138	272	410	19,58%
35 a 39	113	195	308	14,71%
40 a 44	86	144	230	10,98%
45 a 49	81	108	189	9,03%
50 a 54	53	85	138	6,59%
55 a 59	33	50	83	3,96%
60 a 64	23	16	39	1,86%
65 ou máis	1	1	2	0,10%
Total	857	1.237	2.094	100%

Táboa 05. Accidentes de tráfico dos homes segundo lugar e idade.

2011				
Homes	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
Idade				
16 a 17	30	10	40	0,17%
18 a 24	1.976	172	2.148	8,90%
25 a 29	2.932	240	3.172	13,15%
30 a 34	3.708	323	4.031	16,71%
35 a 39	3.559	235	3.794	15,73%
40 a 44	3.167	173	3.340	13,84%
45 a 49	2.683	137	2.820	11,69%
50 a 54	2.311	120	2.431	10,08%
55 a 59	1.519	71	1.590	6,59%
60 a 64	707	22	729	3,02%
65 ou máis	31	1	32	0,13%
Total	22.625*	1.505*	24.127	100%

Táboa 06. Accidentes totais dos homes segundo lugar e idade.

Os asteriscos (*) nas [táboas 6](#) e [10](#) indican que 4 partes de accidente presentaron erros na data de nacemento.

2011				
Mulleres	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
Idade				
16 a 17	0	2	2	0,13%
18 a 24	27	167	194	13,05%
25 a 29	41	249	290	19,50%
30 a 34	37	236	273	18,36%
35 a 39	50	187	237	15,94%
40 a 44	33	125	158	10,63%
45 a 49	32	111	143	9,62%
50 a 54	19	87	106	7,13%
55 a 59	9	53	62	4,17%
60 a 64	1	19	20	1,34%
65 ou máis	0	2	2	0,13%
Total	249	1.238	1.487	100%

Táboa 07. Accidentes de tráfico das mulleres segundo lugar e idade.

2011				
Mulleres	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
Idade				
16 a 17	3	3	6	0,06%
18 a 24	466	183	649	6,97%
25 a 29	774	290	1.064	11,42%
30 a 34	1.077	286	1.363	14,63%
35 a 39	1.106	249	1.355	14,55%
40 a 44	1.078	182	1.260	13,53%
45 a 49	1.114	186	1.300	13,96%
50 a 54	1.062	182	1.244	13,35%
55 a 59	607	114	721	7,74%
60 a 64	287	47	334	3,59%
65 ou máis	14	5	19	0,20%
Total	7.588	1.727	9.315	100%

Táboa 08. Accidentes totais das mulleres segundo lugar e idade

2012				
Homes Idade	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
16 a 17	5	0	5	0,29%
18 a 24	126	108	234	13,72%
25 a 29	114	164	278	16,30%
30 a 34	122	187	309	18,11%
35 a 39	106	186	292	17,12%
40 a 44	88	111	199	11,66%
45 a 49	64	87	151	8,85%
50 a 54	56	60	116	6,80%
55 a 59	30	58	88	5,16%
60 a 64	16	18	34	1,99%
65 ou máis	0	0	0	0,00%
Total	727	979	1.706	100%

Táboa 09. Accidentes de tráfico dos homes segundo lugar e idade.

2012				
Homes Idade	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
16 a 17	14	0	14	0,08%
18 a 24	1.194	124	1.318	7,13%
25 a 29	2.022	184	2.206	11,93%
30 a 34	2.621	221	2.842	15,38%
35 a 39	2.838	220	3.058	16,54%
40 a 44	2.538	147	2.685	14,53%
45 a 49	2.202	127	2.329	12,60%
50 a 54	1.953	92	2.045	11,06%
55 a 59	1.252	81	1.333	7,21%
60 a 64	600	37	637	3,45%
65 ou máis	16	1	17	0,09%
Total	17.251*	1.234	18.484	100%

Táboa 10. Accidentes totais dos homes segundo lugar e idade.

Os accidentes de tráfico dos traballadores, tanto homes coma mulleres, do tramo dos 18 aos 24 anos destácanse en grosa ao presentar maior incidencia, xa que aínda que menores en número, os traballadores cotizantes son moito menores.

2012				
Mulleres Idade	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
16 a 17	0	0	0	0,00%
18 a 24	16	141	157	11,52%
25 a 29	20	196	216	15,85%
30 a 34	39	207	246	18,05%
35 a 39	44	207	251	18,42%
40 a 44	26	129	155	11,37%
45 a 49	21	107	128	9,39%
50 a 54	20	99	119	8,73%
55 a 59	5	51	56	4,11%
60 a 64	5	28	33	2,42%
65 ou máis	1	1	2	0,15%
Total	197	1166	1363	100%

Táboa 11. Accidentes de tráfico das mulleres segundo lugar e idade.

2012				
Mulleres Idade	Lugar do accidente		Total	%
	En xornada	In itinere		
16 a 17	3	0	3	0,04%
18 a 24	320	155	475	5,93%
25 a 29	602	227	829	10,36%
30 a 34	855	255	1.110	13,87%
35 a 39	880	260	1.140	14,24%
40 a 44	902	198	1.100	13,74%
45 a 49	943	170	1.113	13,91%
50 a 54	862	188	1.050	13,12%
55 a 59	602	137	739	9,23%
60 a 64	340	77	417	5,21%
65 ou máis	23	5	28	0,35%
Total	6.332	1.672	8.004	100%

Táboa 12. Accidentes totais das mulleres segundo lugar e idade.

No [gráfico 01](#) represéntanse as porcentaxes en función da idade dos accidentes de tráfico e do total dos accidentes. Pódese comprobar de xeito visual que a partir do tramo dos 40 a 44 anos inclusive, os accidentes laborais de tráfico diminúen considerablemente en porcentaxe sendo menores a partir dese tramo de idade en relación ao total de accidentes.




Gráfico 01. Porcentaxes de accidentes laborais por grupos de idade.

A importancia da idade nos accidentes de tráfico ponse de manifesto ao facer a comparación entre as [táboas 13](#) e [14](#), o accidentado nun accidente laboral de tráfico e uns anos máis novo que o de un accidente laboral en xeral, diminuindo esta diferenza en relación aos datos do [estudo anterior](#) referidos ao ano 2010. Tamén se detecta un aumento na idade dos accidentados, aumento que é superior nos accidentes de tráfico que no total dos accidentes, diminuindo o número de accidentes anuais dende o 2010.

Estatísticos de accidentes de Tráfico (idades)

N	Válidos	6650
	Perdidos	0
Media		36,06
Error típ. da media		0,130
Mediana		35,00
Moda		31
Desv. típ.		10,626
Curtose		-0,528
Error típ. de curtose		0,060
Percentís	25	28,00
	50	35,00
	75	43,00

Táboa 13. Estatísticos acc. Tráfico, 2011 e 2012.

Estatísticos accidentes Totais (idades)

N	Válidos	59930
	Perdidos	4
Media		39,85
Error típ. da media		0,045
Mediana		39,00
Moda		34
Desv. típ.		10,950
Curtose		-0,842
Error típ. de curtose		0,020
Percentís	25	31,00
	50	39,00
	75	48,00

Táboa 14. Estatísticos acc. Totais, 2011 e 2012.

Para destacar a importancia da idade nos accidentes de tráfico, faise no [gráfico 02](#) unha comparación entre as porcentaxes en función da idade dos accidentes mortais de tráfico e totais. No tramo de 25 a 29 anos é onde hai maior diferenza positiva dos accidentes de tráfico. No tramo de idade de 50 a 54 anos as porcentaxes de accidentes mortais respecto aos totais por idade, dos accidentes de tráfico e do total de accidentes son practicamente iguais, non así en tramos de idade superiores.




Gráfico 02. Porcentaxes de accidentes laborais mortais por grupos de idade.

Sectores de actividade económica

Na [táboa 15](#) e no [gráfico 03](#) detállanse os accidentes laborais de tráfico segundo o lugar deste (en xornada ou *in itinere*) e o sector ao que pertence a empresa. Destácanse mediante cor as celas da táboa con porcentaxes superiores ao do total dos sectores. Nos accidentes de tráfico en xornada é o sector agrícola o de maior porcentaxe e nos accidentes *in itinere* destácanse as porcentaxes da pesca e da industria, sendo o número de accidentes de tráfico na industria moi superior.

	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
En xornada	44	6	220	189	1.571	2.030
%	39,29%	13,95%	20,95%	32,09%	32,35%	30,53%
In Itinere	68	37	830	400	3.285	4.620
%	60,71%	86,05%	79,05%	67,91%	67,65%	69,47%
Total	112	43	1.050	589	4.856	6.650
%Total	1,68%	0,65%	15,79%	8,86%	73,02%	100%

Táboa 15. Accidentes de tráfico segundo sectores de actividade e lugar.

Para axudar a poñer os datos da táboa anterior en perspectiva, pódense comparar coas incidencias sectoriais da suma dos accidentes laborais de tráfico dos anos 2011 e 2012 da [táboa 16](#). A incidencia dos accidentes de tráfico *in itinere* da industria e os servizos son moi similares e da construción e os servizos en xornada laboral, sendo a incidencia no sector servizos superior nos dous casos.




Gráfico 03. Accidentes de tráfico segundo sectores de actividade e lugar.

INCIDENCIA ACC. TRÁFICO POR SECTORES (Empresa)						
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
En xornada	58,02	14,26	84,21	147,16	152,25	131,86
In Itinere	89,67	87,91	317,70	311,46	318,35	300,10
Total	147,69	102,17	401,92	458,62	470,59	431,96

Táboa 16. Incidencia dos accidentes de tráfico segundo sectores de actividade e lugar.

Nas táboas da [17](#) á [22](#) pódese observar os datos desagregados por sexo e gravidade dos accidentes de tráfico e do total dos accidentes laborais. Nas porcentaxes sobre o total dos accidentes pódese comprobar como tanto os accidentes de tráfico coma o total dos accidentes se concentran, máis nos homes que nas mulleres, no sector servizos. Xa que a maioría dos traballadores están en empresas do sector servizos é necesario considerar a incidencia dos accidentes por sector.

Homes	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	84	38	738	538	2270	3.668
Graves	5	1	23	15	62	106
Mortais	0	0	8	1	17	26
Total	89	39	769	554	2.349	3.800
%	2,34%	1,03%	20,24%	14,58%	61,82%	100%

Táboa 17. Accidentes de tráfico dos homes segundo sector da empresa e gravidade.

Mulleres	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	22	3	269	34	2464	2.792
Graves	0	1	12	1	41	55
Mortais	1	0	0	0	2	3
Total	23	4	281	35	2.507	2.850
%	0,81%	0,14%	9,86%	1,23%	87,96%	100%

Táboa 18. Accidentes de tráfico das mulleres segundo sector da empresa e gravidade.

Totais	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	106	41	1007	572	4734	6.460
Graves	5	2	35	16	103	161
Mortais	1	0	8	1	19	29
Total	112	43	1.050	589	4.856	6.650
%	1,68%	0,65%	15,79%	8,86%	73,02%	100%

Táboa 19. Accidentes de tráfico por sector de actividade da empresa e gravidade.

Homes	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	1.838	2.054	12.479	9.702	15.560	41.633
Graves	75	79	207	238	279	878
Mortais	8	14	23	18	41	104
Total	1.921	2.147	12.709	9.958	15.880	42.615
%	4,51%	5,04%	29,82%	23,37%	37,26%	100%

Táboa 20. Accidentes laborales totais dos homes por sector e gravidade.

Mulleres	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	584	286	2.516	107	13.609	17.102
Graves	38	8	28	1	135	210
Mortais	1	1	1	0	4	7
Total	623	295	2.545	108	13.748	17.319
%	3,60%	1,70%	14,69%	0,62%	79,38%	100%

Táboa 21. Accidentes laborales totais das mulleres por sector e gravidade.

Totais	SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	2.422	2.340	14.995	9.809	29.169	58.735
Graves	113	87	235	239	414	1.088
Mortais	9	15	24	18	45	111
Total	2.544	2.442	15.254	10.066	29.628	59.934
%	4,24%	4,07%	25,45%	16,80%	49,43%	100%

Táboa 22. Accidentes laborales totais por sector de actividade da empresa e gravidade.

Nas [táboas 23](#) e [24](#) detállanse as incidencias dos accidentes de tráfico de homes e mulleres segundo o sector de actividade da empresa. O sector servizos é o de maior incidencia tanto en homes coma en mulleres, pero hai detalles importantes a considerar: nos homes, a maior incidencia dos accidentes graves dáse na agricultura e dos mortais na industria; nas mulleres, a maior incidencia dos accidentes graves dáse en industria (máis do dobre que nos servizos) e dos mortais na agricultura. Tamén se pode destacar a incidencia dos accidentes de tráfico dos homes no sector da construción.

Homes	INCIDENCIA ACC. TRÁFICO POR SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	244,21	119,65	398,82	460,61	505,73	449,04
Graves	14,54	3,15	12,43	12,84	13,81	12,98
Mortais	0,00	0,00	4,32	0,86	3,79	3,18
Total	258,75	122,80	415,57	474,31	523,33	465,19

Táboa 23. Incidencia dos acc. de tráfico dos homes segundo sector e gravidade.

Mulleres	INCIDENCIA ACC. TRÁFICO POR SECTORES (Empresa)					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Total
Leves	53,09	29,05	353,00	292,42	422,62	386,37
Graves	0,00	9,68	15,75	8,60	7,03	7,61
Mortais	2,41	0,00	0,00	0,00	0,34	0,42
Total	55,51	38,73	368,75	301,02	430,00	394,40

Táboa 24. Incidencia dos acc. de tráfico das mulleres segundo sector e gravidade.

Nos gráficos 4 e 5, a continuación, móstranse as **actividades empresariais** con maior número de accidentes de tráfico, as do número total de accidentes no [gráfico 04](#) e de maior número de accidentes en xornada laboral no [gráfico 05](#). O total de accidentes representado en calquera dos dous gráficos supera o 75% dos accidentes laborais de tráfico destes dous anos.




Gráfico 04. Accidentes de tráfico por actividades ordenadas por número de accidentes.

Nos [anexos](#) figura unha [táboa coa codificación](#) de actividades a dous díxitos do CNAE 2009 e por ramas de actividade; algúns códigos correspondentes ás actividades son os seguintes: industria da alimentación (10), construción 41 a 43, comercio 45 a 47, transporte 49 a 53, hostalaría (56), administración (84) e actividades sanitarias (86).

Do [gráfico 04](#) destacar o elevado número de accidentes *in itinere* das actividades: 47, 56, 46, 86, 43 e 49; e do [gráfico 5](#) as seis actividades con maior número de accidentes de tráfico en xornada laboral: 56, 49, 46, 84, 53 e 43.




Gráfico 05. Accidentes de tráfico por actividades ordenadas por número de accidentes en xornada.

Na [táboa 16](#) indícase que a incidencia dos accidentes laborais de tráfico é maior no sector servizos e nas [táboas 23](#) e [24](#) desagreganse os accidentes segundo o sexo dos traballadores. Para obter datos de incidencia dos accidentes cun maior nivel de detalle, das actividades do [gráfico 04](#) calcúlanse os seus índices de incidencia que se representan no [gráfico 06](#).

Do [gráfico 6](#), destaca o código 53 correspondente a *Actividades postais e de correos*, coa maior incidencia polos accidentes en xornada con diferenza, seguindo a moita distancia a estes actividades o *Transporte terrestre e por canalización* (49). Do resto das actividades, e polos accidentes *in itinere*, destacar as *Actividades relacionadas co emprego* (78), *Actividades administrativas de oficina* (82), *Asistencia en establecementos residenciais* (87) e as *Actividades de servizos sociais sen aloxamento* (88).




Gráfico 06. Incidencia dos accidentes de tráfico das actividades con maior número de accidentes.

Ocupación

Nos gráficos 7 e 8 a continuación móstranse con diferente nivel de detalle o número de accidentes de tráfico por ocupacións. No [gráfico 7](#) e utilizando 3 díxitos do *Código Nacional de Ocupacións* (CNO-11) detállanse aquelas con accidentes laborais de tráfico, ordenadas de maior a menor, que en porcentaxe superan o 1%, non incluíndo as restantes por motivos de espazo.

